



O Concello de Vilagarcía de Arousa a través da **Concellería de Promoción Económica**, convoca o

## **V CONCURSO DE DECORACIÓN DO NADAL CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA**

A presente convocatoria ten por obxecto promover e incentivar a creatividade comercial do Concello de Vilagarcía de Arousa á hora de presentar os establecementos, facelos máis atractivos aos consumidores/as, reforzando a imaxe dos mesmos e dinamizando a actividade comercial e hostaleira do Municipio.

A temática decorativa estará vinculada ás datas de Nadal, o que contribuirá a crear un ambiente festivo propio destas festas. Dende o Concello premiarase aos negocios que, con motivo da campaña do Nadal 2022, engalanen mellor os escaparates e/ou os accesos aos establecementos, de acordo co establecido nas seguintes

### **BASES**

**PRIMEIRO.** Poderán participar no concurso, todos os establecementos comerciais do Concello de Vilagarcía de Arousa (comercio retailista, restauración, hostalaría, vendedores da praza de abastos, etc.) que o soliciten formalmente a través sede Electrónica do Concello antes da data límite establecida nas presentes bases.

**SEGUNDO.** A inscrición para participar, formalizarase mediante solicitude (instancia xenérica- [formulario de solicitude 01001](#)) a través da sede electrónica do Concello (sede.vilagarcia.gal), debidamente cumprimentadas e asinadas, dende o día seguinte á publicación das presentes bases **ata o 2 de decembro de 2022.**

**TERCEIRO.** Xunto coa solicitude de inscrición, presentarse un certificado de conta bancaria. No caso de asociados do Centro Comercial Aberto Zona Aberta, AHITUVI ou Asociación de praceiros, a asociación á que pertencen poderá realizar a inscrición en representación dos asociados que así o soliciten.

**CUARTO.** Formalizada a inscrición no concurso e presentada a documentación, o Concello facilitará o **cartel distintivo de “establecemento participante”** que deberá ser colocado en lugar visible do escaparate do local a concurso. Os participantes terán á súa disposición o distintivo de participación, na Concellería de Promoción Económica a partir do día seguinte da presentación da solicitude. Os escaparates deberán estar iluminados ata as 22:00 horas.

**QUINTO.** A decoración deberá **centrarse nas FESTAS do NADAL e manterse como mínimo dende do día 2 de decembro de 2022 ata o 6 de xaneiro de 2023.**

Os establecementos participantes deberán presentar a través da Sede Electrónica do Concello(sede.vilagarcia.gal) un máximo de dúas fotografías (en formato pdf) do escaparate, nas que sexa visible o distintivo de participación, indicando o establecemento comercial ao que pertencen as fotografías e o seu enderezo. **A data tope para entregar as fotografías será o 2 de decembro.**

Representantes do Concello e o xurado, visitarán, sen aviso previo, durante o tempo que dura o concurso, todos os establecementos participantes.

**SEXTO.** A elección dos gañadores será realizada polos propios establecementos participantes no concurso.

Cada establecemento emitirá un único voto en papel selado e fará entrega do mesmo (en sobre pechado no que se identifique o establecemento), aos representantes da asociación de comerciantes e hostaleiros para o seu traslado ao Concello a efectos do seu reconto.

O devandito reconto farase mediante apertura dos sobres pechados ante a Secretaria Xeral do Concello que certificará o resultado, correspondendo os galardóns aos establecementos que obteñan máis votos.

En caso de empate, o mesmo dirimirase por voto de calidade do grupo de goberno municipal.

**SÉTIMO.** Establécense os seguintes premios, segundo consignación orzamentaria **aplicación 4311-4810 do orzamento de 2023**

- Primeiro premio de 595 €
- Dous segundos premios de 395€ c/u
- Dous terceiros premios de 200 € c/u

**O custo total do evento é de 1.785 Euros**

**OITAVO.** A entrega das cantidades outorgadas en concepto de premio, quedará condicionada á non existencia de débedas do participante co Concello de Vilagarcía de Arousa, AEAT e Facenda da Comunidade Autónoma e serán no seu caso obxecto da retención fiscal que proceda de acordo coas normas tributarias.

A inscrición para participar no presente concurso implica a aceptación das presentes bases.